

A poeta omnívora por Helena González Fernández

ANDAR AO LEU

ELVIRA RIVEIRO TOBÍO

Tambo – Deputación de Pontevedra. 2005. 62 páxinas.

ARXILOSA

ELVIRA RIVEIRO TOBÍO

Hipocampo Amigo. 2005. 78 páxinas.

En 1998, nun coloquio organizado pola Modern Language Association, a poeta norteamericana feminista Adrienne Rich falaba sobre a profesión poética como unha práctica política sustentada pola multiplicidade de lecturas. Subliñaba a influencia que nela tiveran as poesías europeas, especialmente a francesa e ofrecía un retrato de si mesma como poeta omnívora. Nesta reflexión sobre a creación defendía a vontade de escachar as convencións de tal xeito que nesta multiplicidade se atoparía a verdadeira fasquía da poesía, concibida como o oficio do reto permanente. Dicía Rich: “Os problemas do poeta –os materiais cos que ten que loitar- expándense de maneira infinita e requiren múltiples enfoques”. A definición ben serve para outras artes porque, de feito, é unha acaída definición do creador no sentido máis radical do concepto. Seguindo o rastro destas palabras de Adrienne Rich podemos entender mellor a traxectoria de Elvira Riveiro, que se deu a coñecer nestes últimos meses no papel impreso aínda que xa era unha poeta coñecida na rede. Neste caso a cuestión do soporte ten o seu aquel. En primeiro lugar porque, se na literatura o libro é espazo canónico coma un estadio olímpico, a rede aínda se considera un campo de xogos, e precisamente nese campo de xogos construíuse unha parte moi interesante da traxectoria poética desta autora. En segundo lugar, porque o soporte a miúdo condiciona a escrita de tal xeito que son os poemas máis convencionais na forma os que se recollen en Andar ao leu e Arxilosa. Neses dous libros, publicados en dúas coleccións pontevedresas senlleiras, Tambo e Hipocampo Amigo, respectivamente, renúnciase á concepción arquitectónica dos textos. Son máis ben coleccións de poemas que se ganduxan como exercicios de estilo diferentes na forma e na temática. Neles ensáíase o soneto e abunda o verso libre en poemas que tenden á brevidade e á contención. En Arxilosa recóllense as coleccións de maior profundidade reflexiva, cunha interesante esculca sobre o corpo e o erotismo como materia informe, coma a arxila. Nel reivindica unha sorte de erotismo como elaboración manual da relación directa e intensa que media do eu ao ti. Cun ton distinto en Andar ao leu recóllense moitas variacións sobre o amor, a palabra poética e múltiples referentes do

repertorio feminino. En todo caso, poesía sempre a fuxir de moldes creativos.

A súa estrea no soporte libro veu acompañada polo titular rechamante dunha entrevista que lle fixeron para A Nosa Terra 1199 (24-30-XI-2005). Era este: “Non creo na poesía de mulleres”. E aínda que xa se sabe que o titular non é responsabilidade exclusiva da entrevistada, chamar, chama a atención. Lendo con vagar a entrevista compróbase que Elvira Riveiro responde á pregunta tópica “¿Hai unha visión poética feminina?” cun chisco máis de enxulla do que parecía nun principio. Afirmar que non cre “nunha escrita específica de muller. O que si é certo é que se reconece a feminidade de certa poesía, e tamén un intento reivindicativo de temas tabú que o están facendo poetar que son mulleres. Eu escribo poesía e pódese notar ás veces que o faga unha muller”. O asunto, de tanto que se repite, xa vai collendo gusto a reseso. Por parte dos xornalistas nunca queda claro a que se refiren con esa pregunta, se a unha tendencia poética ou a toda poesía de autoría feminina; de aí o desleixo das respostas. Por parte das autoras, da propia Elvira Riveiro, existe ademais o medo ás etiquetas. Hai quen non se reconece en modelos feministas de segunda onda, hai quen non se sente en absoluto feminista e hai quen simplemente rexeita as etiquetas literarias, mais resulta sorprendente esta manifesta vontade de situarse á marxe da experiencia. Cómpre, porén, ir con tento, que as autopoéticas non sempre cadran coas prácticas poéticas e moito menos coas lecturas (en principio toda lectura é territorio vedado á instancia autoral). Elvira Riveiro non é o que poderíamos denominar unha poeta violeta, mais si que ofrece exercicios literarios tirados do máis canónico repertorio feminista, como a construción de xenealoxías, a enunciación situada do corpo, a cuestión da maternidade ou a reescrita de personaxes femininas. E isto vese especialmente en *Andar ao leu*, un libro con grandes “columnatas” feministas e que leva ademais unha ilustración de Cristina Mejuto a partir do motivo “fillas de Eva” (moza espida diante dunha enorme mazá); e xa se sabe que todo canto rodea ao texto, tamén as ilustracións, mediatizan a lectura. En calquera caso a creación nunca está á marxe nin da experiencia nin do contorno. Explícome citando a Rich: “Pódeste resistir a un poeta de maneira intelectual mentres que o absorbes a un nivel intuitivo”. O mesmo cos materiais violetas.

Como xa adiantei, os poemas recollidos nestes dous libros son só unha parte do proxecto poético desta autora, que transita por outros soportes e outros xéneros. A poeta omnívora que é Elvira Riveiro, que como Rich se expande e procura múltiples enfoques, precisa explicarse tamén desde a poesía visual e concreta, e con estas modalidades expresivas conseguiu

resultados ben interesantes na rede. Repásese o seu *Inventario indócil*. Este era o título da súa sección no suplemento de fin de semana de culturagalega.org, no que foi debullando boa parte da súa produción experimental entre 2004 e 2006 (pagaba a pena recoller a serie por xunto nunha edición electrónica). Agora Elvira Riveiro exerce ademais como editora de poesía concreta e visual nun blog que recomendo, *Visualobxectual* (visualobxectual.diariogratias.com), e que ao meu ver mostra un aspecto moi suxestivo dela mesma como poeta omnívora, isto é, lectura e creación como unha mesma acción da poeta editora que publica a súa obra e asemade abre redes a outros artistas. Por certo, que entre os que alí se recollen hai poemas visuais de Alberte Momán, Baldo Ramos, Claudio Rodríguez Fer e mesmo un de Luísa Villalta e outro de Marilar Aleixandre e Lázaro Enríquez. Certamente ese campo de xogos que é internet resulta moito máis lucido cás reproducións baratas que se reservan polo xeral para a (mala) edición de poesía visual en papel.

Creadora sen cancelas, a poeta tamén se atreve como prosista. Na súa ficha dentro da Biblioteca Virtual Galega pódense ler algúns fragmentos e mais unha suxestiva autobiografía na que se presenta como poeta con conciencia de clase e en certo xeito marxinal, marcada por unha rabiosa pulsión creadora. Por certo, a autobiografía feita relato é outra desas marcas que parecen configurar iso que imos chamando escrita de mulleres, e non só nos casos senlleiros de Lupe Gómez ou Anxos Sumai. A Elvira Riveiro, a poeta omnívora, non só hai que procurala nestes interesantes exercicios de estilo publicados en libro, senón tamén no campo de xogos que é internet.

Helena González Fernández en *Grial, Revista Galega de Cultura*, nº 169, Tomo XLIV. Xaneiro, febreiro, marzo, 2006.